



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA, ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA SA E O CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA PARA PARA A CELEBRACIÓN DAS FESTAS DE SAN ROQUE 2016

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Concello de Vilagarcía e ABANCA o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ao 15 de outubro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer o marco de colaboración entre Axencia Turismo de Galicia, ABANCA e o concello de Vilagarcía de Arousa , para a o apoio á celebración no mes de agosto das Festas de San Roque 2016 por considerar este evento como un dos elementos esenciais para o desenvolvemento turístico de Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Primeiro.- Que o concello de Vilagarcía de Arousa , segundo se sinala no artigo 25.2.m da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, ten competencias en materia de turismo, realizando para iso diversas actuacións entre as que cabe destacar as Festas de San Roque, declarada de interese turístico nacional no ano 2006.



Segundo.- Que a categoría e relevancia acadada por este festa fan que a súa celebración acade unha incidencia directa no que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos extraordinarios recursos turísticos deste país e impulsando así a mellora económica do sector.

Que as Festas de San Roque de Vilagarcía de Arousa, son un evento de carácter singular e de prestixio, que en torno a un acto relixioso combinan actividades culturais e lúdicas, sendo o concello de Vilagarcía de Arousa a entidade organizadora. Este concello ven desenvolvendo unha labor de continuidade no campo da promoción e difusión do turismo.

Deste xeito, non resulta posible promover a concorrência debido a que a actividade de que se trata unicamente a pode realizar a entidade conveniente, dado que é a única que organiza as Festas de San Roque de Vilagarcía de Arousa.

Terceiro.- Que ABANCA é unha entidade que opera no sector financeiro e bancario, con gran tradición e arraigamento no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, lugar onde naceu e desenvolve gran parte do seu obxecto social na actualidade e considera dende un punto de vista publicitario e do marketing que é unha grande oportunidade para dar a coñecer directamente a súa imaxe corporativa e de forma indirecta os seus produtos, difundir o seu logotipo no ámbito das festas de interese turístico tanto de Galicia, como nacionais e internacionais e contribuír así ao apoio e difusión das mesmas.

Cuarto.- Que a Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9º do Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia, é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo.



Quinto.- A través deste convenio, outórgase ao Concello de Vilagarcía unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

Elena Barca Ramos